



arquivo RAG

## Pondal centenario (1917-2017)

O 8 de marzo de 1917 morre Eduardo María González-Pondal Abente, unha das máximas figuras do “Rexurdimento”. Naceu en 1835 na Ponteceso. De orixe fidalga, logo de estudar medicina abandonou esa profesión e dedicouse por completo ao cultivo da poesía. A súa obra pula pola recuperación da lingua e da cultura galega e pola defensa da liberdade do noso pobo.

Que din os rumorosos  
na costa verdecente,  
ó raio trasparente  
do prácido luar?  
Que din as altas copas  
de escuro arume harpado  
co seu ben compasado  
monótono fungar...?

Do teu verdor cinxido  
e de benignos astros,  
confin dos verdes castros  
e valeroso clan,  
non des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono:  
desperta do teu sono  
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden,  
e con arroubo atenden  
o noso rouco son:  
mas sós os ignorantes  
e férridos e duros,  
imbéciles e escuros  
non os entenden, non.

Os tempos son chegados  
dos bardos das edades  
que as vosas vaguedades  
cumprido fin terán:  
pois, donde quer, xigante,  
a nosa voz pregoa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán.